

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2015.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezaoto horas do día nove de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión

anterior de 16 de xaneiro de 2015.

Por Secretaría dáse conta do error material do acordo D.3) relativo ás bases reguladoras do concurso de disfraces do desfile de Entroido, que deberá figura co tenor literal seguinte:

D.3) BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE 2015.

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras e da convocatoria dos premios do concurso de disfraces de Antroido 2015, que se transcriben literalmente de seguido:

“ BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Sábado de Entroido, con motivo da celebración do desfile de Antroido, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de Antroido organizado polo Concello de Xove.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

A documentación a presentar será a seguinte:

1.- Particulares

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade

2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.

-Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.

-Copia do N.I.F. do representante do grupo

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comezo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

TERCEIRA.- NORMAS DO DESFILE

Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:

*-Ter colocado en todo momento o dorsal que será facilitado polo organización do desfile
-Gardar o orden de saída durante todo o desfile deixando unha distancia prudente entre participantes*

*-Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes
-Se os participantes se acompañan de calquera tipo de artilugio ou artefacto, deberán velar en todo momento polas seguridade daqueles e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.*

-Está permitido levar animais ao desfile sempre que non representen un perigo para o resto dos participantes e o público asistente, non estando non obstante permitido o seu maltrato podendo ser esta actuación causa de expulsión do concurso e consecuente descalificación.

-Non se permitirán representación de carácter obsceno que podan ferir a sensibilidade dos espectadores, moitos deles nenos.

-É imprescindible ir ataviados co disfraz no momento da entrega de premios, que se efectuará o mesmo día do desfile, en horario de tarde coincidindo co baile infantil e en horario de noite, coincidindo co baile de maiores.

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto como mínimo por tres membros designados pola organización do concurso.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 3.000,00 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal).

SEXTA.- PREMIOS

Carrozas.

1º premio: 450 euros

2º premio: 250 euros

3º premio (2 premios): 150 euros cada premio

Comparsas e grupos de dez persoas ou máis

1º premio: 250 euros

2º premio: 200 euros

3º premio (2 premios): 125 euros cada premio

Grupos de 3 a 9 persoas

1º premio: 110 euros

2º premio: 80 euros

3º premio (2 premios): 50 euros cada premio

Parellas adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio (2 premios): 40 euros cada premio

Parellas infantís (menores de 14 anos)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros cada premio

Individuais adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 50 euros

2º premio: 40 euros

3º premio (2 premios): 30 euros cada premio

Individuais infantil (menores de 14 anos)

1º premio: 50 euros

2º premio: 40 euros

3º premio (2 premios): 30 euros cada premio

Premio ao disfraz máis orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao conxunto máis numeroso: 30,00 euros

Asímesmo, o participante máis novo recibirá un agasallo.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 555,55 euros e do segundo, de 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 308,64 euros.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. Os premios serán entregados en dito momento en metálico por representantes do Concello debendo ser asinado o pertinente “recibín” polos beneficiarios, sempre e cando se dispoña da documentación requirida na Base Segunda. No caso de menores, o recibín será asinado polo titor ou representante legal.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A organización do concurso resérvase o dereito de calquera modificación que por forza maior se vira obrigada a efectuar.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL.-As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO 2015

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá nos actos programados para o sábado de Antroido, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do concurso de disfraces a celebrar o día 14 de febreiro, coas seguintes especificacións:

1.- Entidade adxudicadora

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura

2.- Obxecto.- Concesión de premios do concurso de disfraces do desfile do sábado de Antroido (14 de febreiro) organizado polo Concello de Xove.

3.- Orzamento.- A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 3.000,00 €, con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal.

4.- Contía dos premios

Carrozas.

1º premio: 450 euros

2º premio: 250 euros

3º premio (2 premios): 150 euros cada premio

Comparsas e grupos de dez persoas ou máis

1º premio: 250 euros

2º premio: **200 euros**

3º premio (2 premios): 125 euros cada premio

Grupos de 3 a 9 persoas

1º premio: 110 euros

2º premio: 80 euros

3º premio (2 premios): 50 euros cada premio

Parellas adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio (2 premios): 40 euros cada premio

Parellas infantís (menores de 14 anos)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros cada premio

Individuais adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 50 euros

2º premio: 40 euros

3º premio (2 premios): 30 euros cada premio

Individuais infantil (menores de 14 anos)

1º premio: **50 euros**

2º premio: **40 euros**

3º premio (2 premios): **30 euros** cada premio

Premio ao disfraz mais orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao conxunto mais numeroso: 30 euros

Asímesmo, o participante mais novo recibirá un agasallo.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 555,55 euros e do segundo, de 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 316,46 euros.

5.- Requisitos dos participantes

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

A documentación a presentar será a seguinte:

1.- Particulares

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade

2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.

-Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.

-Copia do N.I.F. do representante do grupo

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comezo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

6.- Normas do desfile.-*Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:*

*-Ter colocado en todo momento o dorsal que será facilitado polo organización do desfile
-Gardar o orden de saída durante todo o desfile deixando unha distancia prudente entre participantes*

*-Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes
-Se os participantes se acompañan de calquera tipo de artilugio ou artefacto, deberán velar en todo momento polas seguridade daqueles e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.*

-Está permitido levar animais ao desfile sempre que non representen un perigo para o resto dos participantes e o público asistente, non estando non obstante permitido o seu maltrato podendo ser esta actuación causa de expulsión do concurso e consecuente descalificación.

-Non se permitirán representación de carácter obsceno que podan ferir a sensibilidade dos espectadores, moitos deles nenos.

-É imprescindible ir ataviados co disfraz no momento da entrega de premios, que se efectuará o mesmo día do desfile, en horario de tarde coincidindo co baile infantil e en horario de noite, coincidindo co baile de maiores.

7.- Procedemento de entrega de premios

Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. Os premios serán entregados en dito momento en metálico por representantes do Concello debendo ser asinado o pertinente “recibín” polos beneficiarios, sempre e cando se dispoña da documentación requirida na Base Segunda. No caso de menores, o recibín será asinado polo titor ou representante legal.

8.-Outras informacións: *Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tlfo. 982.59.20.01“*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

Acorda:

- *1º.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso de Disfraces do desfile de Antroido.*
- *2º.- Proceder á convocatoria pública do premios para o Antroido 2015*
- *3º.- Autorizar o gasto de 2.982,83 € con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos de 2014 prorrogado para 2015.*
- *4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.*

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 16 de xaneiro de 2015.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. CESAREO EIJO CANOURA RELATIVO A PROXECTO BASICO E DE EXECUCION PARA AMPLIACION DE PLANTA BAIXO CUBERTA PARA UNHA VIVENDA SOBRE EDIFICIO EXISTENTE EN AVDA DIPUTACION Nº 16.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Cesáreo Eijo Canoura con D.N.I nº: 77.591.638B con domicilio en Avda. Diputación Nº 16 (27870 Xove) para realización de obras de ampliación de planta baixo cuberta para unha vivenda sobre edificio existente en Avda. Diputación Nº 16.-Xove.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

A edificación que se pretende executar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polos arquitecto Don José E.Domenech de Aspe y Dona María Luz Blanco Losa, sitúase dentro da área delimitada como Solo urbán do núcleo de Xove. ORDENANZA 2 (O-2).EDIFICACION RESIDENCIAL ENTRE MEDIANERAS, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012.No proxecto, xustifícase, no seu apartado 1.4.3 da Memoria urbanística, o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización 02, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística.

Acompáñase anexo a memoria do proxecto no que se xustifica o cumprimento das condicións de habitabilidade do decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.(NHV-2010)

Cuadro comparativo dos diferentes apartados a cumprir, cos seus articulados e conceptos.

No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:

- *-Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SI)*
- *-Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización e accesibilidade. (DB-SUA).*
- *-Cumprimento del DB-SE. Seguridad estructural.*
- *-cumprimento do DB-HS.Salubridad.*
- *-Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HE).*
- *-Cumprimento e xustificación do HR Protección frente al ruído.*

5º. -En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais a rede xeral municipal, así como o abastecemento de auga potable, igualmente da rede municipal, polo que previo á concesión da licenza de primeira utilización, deberase garantir ter resoltos os servizos básicos da edificación.

Asimismo as beiraruas que dan fronte a parcela e a edificación, deberán estar executadas na súa totalidade.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

Previo ao inicio das obras, achegarase a correspondente documentación dos técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, así como o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras.

Achegarase igualmente a cédula de identificación catastral da parcela, ou a súa escritura.

Os devanditos documentos achegaranse conxuntamente co proxecto de execución e para os efectos de comprobación conxunta coa acta de reformulo previo ao inicio das obras.

Recórdase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumprirse con todos os seus datos:

- *Parámetros urbanísticos aplicables.*
- *Promotor das obras, construtor.*
- *Nº de expediente de licenza.*
- *Data de inicio e finalización das obras.*
- *Técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico.*

- *Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras.*

Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de primeira utilización de acordo co artigo 195.6 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro. LOUGA

Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais se refire como a normativa correspondente.

As alineacións, axustaranse ao previsto no sistema viario, do P.X.O.M en vigor no Concello de Xove. Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.

A posible instalación de grúa para a execución das obras deberá dispoñer de licenza de obra independente, coa achega documental correspondente.

Coa achega do Proxecto de Execución achégase o Estudio Básico de Seguridade e Saúde, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

Co Proxecto de Execución e Acta de reformulo, deberase dar así mesmo da empresa constructora das obras co seu c.i.f e dirección correspondente antes do comenzo das obras.

Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio público en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, coa achega dos documentos técnicos correspondentes, e de acordo co Artigo 195.6 da Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 82.923,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 1.658,46€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VAZQUEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (28979 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARIA SOL FERNÁNDEZ LAMELAS .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Sol Fernández Lamelas con D.N.I. nº 76.545.687-P, con domicilio en Ceranzos, 54 (27877 Xuances) por morte de un xato por importe de 200,00€

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D^a DOLORES GUERREIRO PITA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por tres votos a favor e a abstención de D^a Dolores Meitin Gerreiro, acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Dolores Guerreiro Pita con D.N.I. nº 76.557.077-J , con domicilio en San Cristobo, 5 (27877 Portocelo) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.4) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que se transcribe de seguido:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

VISTO o contido do Acordo Regulador do Prezo Público pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar

TENDO en conta as suxerencias e indicacións recibidas do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL por delegación do Concello Pleno, a MODIFICACIÓN Do Acordo Regulador do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, que quedará redactado como segue:

1.- Modifícase o artigo 3º, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 3º.- Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado no presente Acordo as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

2.- Modifícase o artigo 4º, que quedará redactado da seguinte maneira:

Artigo 4º.- Terán unha redución do 100% da cuota do prezo os usuarios de libre concorrencia que pertencen a unidades de convivencia cunha renda per cápita inferior ou igual ao 80% do IPREM (Indicador público de rendas de efectos múltiples) publicado anualmente.

Asímesmo, terán unha redución do 100% da cuota do prezo os usuarios de dependencia cunha capacidade económica de ata o 100% do IPREM.

3.- Modifícase o artigo 5, que queda redactado como segue:

Artigo 5º.- Considérase devengada a exacción desde que se inicia a prestación do servizo

4.- Modifícase o artigo 6º, no seu primeiro parágrafo e apartado 1, que quedarán redactados como seguen:

Artigo 6º.- Os prezos que se abonen polos usuarios serán o resultado de aplicar en base á capacidade económica, ao número de horas que corresponda conceder ao solicitante sobre o custo do servizo e en base á capacidade económica do/a solicitante nos casos de dependencia, a seguinte porcentaxe:

1.- MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

Capacidade económica Ingresos en relación ao IPREM	PREZO
<i>MENOR OU IGUAL A 0.80 IPREM</i>	<i>0% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 0.80 IPREM E MENOR OU IGUAL A 1.50 IPREM</i>	<i>30% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 1.50 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2 IPREM</i>	<i>50 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 2 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2.50 IPREM</i>	<i>70 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 2.5 IPREM</i>	<i>90 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>

5.- Modifícase o artigo 6º, no seu terceiro apartado, que quedará redactado como segue:

3.- Para a determinación da renda, estarase ao establecido no artigo 18 do Regulamento do Servizo.O custo do servizo establécese para o ano 2015 en 15,74 euros/hora e toma como referencia o coste directo de prestación do servizo en réxime de xestión indirecta e os costes indirectos asociados ao mesmo.O custo do servizo será revisado anualmente no caso de existir variacións do mesmo. Igualmente, a achega dos usuarios será obxecto de actualización segundo a contía anual do IPREM ou indicador que o substitúa.

6.- Modifícase o artigo 7, quedando redactado como segue:

Artigo 7.- A débeda derivada do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar liquidarase por padrón. A inclusión no padrón realizarase de oficio unha vez aprobada a solicitude de acceso ao servizo e determinado o número de horas a conceder.

O prezo satisfacerase con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

Por parte do Concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitira á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

O ingreso do prezo practicarase mediante domiciliación bancaria.

7.- Engádesse un novo Título, que será o VIII INFRACCIÓN E SANCIÓN E un novo artigo, que será o 8º, co seguinte texto:

TITULO VIII: INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 8º.- As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/20036, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A aprobación da modificación do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

2º) A remisión ó Boletín Oficial da Provincia do acordo regulador para a súa publicación.

D.5) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DO CENTRO OCIO INFANTIL XOVE S.L.U. PARA AINOA LOPEZ CUADRADO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballadora
Centro Ocio Infantil Xove S.L.U. C/ Tomás Mariño Pardo, 8 2º B (27870 Xove)	Ainoa López Cuadrado Pedride, 4 (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.6) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIO AUTÓNOMO.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2014 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<i>Nome do autónomo</i>	<i>Actividade</i>	<i>Períodos</i>	<i>Contía</i>
Guillermo Rego Canoura C/Camiño Real, 36 2º Izda (27870 Xove)	Traballos forestais	Xaneiro a Decembro de 2014	1.800,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.7) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE SUBVENCIÓN A YANET ESCOBAR SEOANE COMO AUTÓNOMA/AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria autónoma Dª Yanet Escobar Seoane con D.N.I. nº 35.625.172-N con domicilio en C/ Tomás Mariño Pardo, 1 4º C (27870 Xove) para a súa inclusión como autónoma no Plan de Emprego, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adjudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria autónoma seguinte:

Nome	Enderezo	Actividade
Yanet Escobar Seoane	C/ Tomás Mariño Pardo, 1 4º C (27870 Xove)	Psicóloga clínica

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á autónoma, os efectos oportunos.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27878 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.9) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN PRESTOXOVE DE SUBVENCIÓN PARA PERSOAL DOCENTE NA ORQUESTA CLÁSICA DE XOVE NO ANO 2015.

Visto a solicitude de D. Juan Carballal González, como presidente da Asociación PrestoXove, con CIF G27393347 e domicilio a efectos de notificación en Urbanización Palmeiro (Escola de Música) 27879 Rigueira-Xove.

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2015 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 22.400,00 €

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 324.449.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 22.400,00 € para persoal docente na Orquesta Clásica de Xove durante o ano 2015 coa impartición de docencia instrumental.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 15.680 €, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 € non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente. Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.10) SOLICITUDE DA U.D. XOVE-LAGO DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E COMPETITIVAS DURANTE 2015

Visto a solicitude da Unión Deportiva Xove-Lago, con CIF: G27144203 e domicilio a efectos de notificación en Acceso ó Campo de Fútbol S/N (27870 Xove) de subvención para 2015.

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2015 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 38.000, 00 €

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 38.000,00 € para actividades formativas e competitivas de fútbol.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 26.600,00 € correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo

esixirse de ser necesario pola vía de constringimento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, esta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).

- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente. Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezaioito horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

